



BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

**Memoria
2003**

Aprobada na Comisión da BUSC de 9 de xuño de 2004

ÍNDICE

Presentación	1
Presuposto	5
Persoal.....	8
Instalacións e equipamento	11
Desenvolvemento das coleccións.....	17
Base de datos bibliográfica	20
Servicios.....	21
Redes e cooperación.....	28
Anexo I estatístico	
Anexo II	

PRESENTACIÓN

No ano 2003 son varias as actuacións a destacar no labor da Biblioteca Universitaria no senso da repercusión na súa traxectoria e nas novidades que aportan na mellora dos servizos ós seus usuarios:

- Apertura e posta en servizo da Biblioteca de Ciencias Xurídicas e Sociais Concepción Arenal, que se tratará máis amplamente no apartado de Instalacións e Equipamento
- Comezo e desenvolvemento da implantación do novo programa informático de xestión da BUSC Innopac/Millennium
- Comezo e desenvolvemento do proceso de avaliación da BUSC

Feitos a salientar son tamén:

O remate da dixitalización do fondo galego, seculos XV ó XVIII, como consecuencia do Convenio asinado coa Fundación Cidade da cultura e a sinatura dun novo convenio, en setembro de 2003, coa mesma Fundación para a dixitalización das publicacións periódicas dos séculos XIX e XX conservadas na Biblioteca Xeral da Universidade.

A participación da BUSC na Comisión PETIC, co obxecto de colaborar no desenvolvemento da liña estratéxica de bibliotecas e documentación.

Aspectos menos positivos serían a diminución do presuposto adicado a adquisicións de monografías e de equipamentos. As consecuencias destas diminucións pódense ver nos apartados correspondentes así como no Anexo Estatístico

INNOPAC / MILLENNIUM

No marco dos proxectos cooperativos desenvolvidos a través do Consorcio BUGalicia, a BUSC comezou en xaneiro de 2003 o cambio do seu Sistema de Xestión Bibliotecaria Sabini polo Sistema Innopac/Millennium, adquirido polo Consorcio para as tres Universidades galegas.

Como primeira fase do proxecto, en xaneiro de 2003 elaborouse un calendario de implementación do novo sistema, do que interesa destacar que foi cumprido ó 100% e que dito cumprimento supuxo un importantísimo esforzo por parte do persoal da Biblioteca, xa que en ningún momento se paralizou o servizo que se estaba a dar co programa Sabini.

Para a posta en marcha do proxecto, coordinado pola Subdirección Técnica, constituíronse 3 grupos de traballo encargados de definir e avaliar a migración de datos de Sabini a Millennium, e parametrizar os distintos módulos da nova aplicación:

Parametrización do módulo de catalogación e avaliación da carga de datos, dirixido pola Sección de Proceso Técnico. Resultado dos exhaustivos traballos de comprobación da correcta migración da base de datos bibliográfica, (712.825 Rexistros bibliográficos de monografías, 979.552 Rexistros de exemplares de monografías, 25.322 Rexistros bibliográficos de revistas, 32.898 Rexistros de coleccións de revistas e máis de 1.700.000 Rexistros de autoridade) foi a aceptación do Sistema Millennium e a formación de tódolos catalogadores da BUSC na nova aplicación. A finais de outubro de 2003 péchase a catalogación en Sabini. Sen embargo, como ata mediados de abril de 2004 non foi posible poñer en marcha os módulos de circulación e webopac por falta do equipamento informático, as obras de novo ingreso catalogadas en Millennium integrábanse en Sabini semanalmente coa finalidade de estar dispoñibles para consulta e préstamo. Este proceso supuxo a regrabación en sabini dos datos de identificación de exemplar por parte dos catalogadores da BUSC.

Parametrización do módulo de préstamo, dirixido pola Sección de Servizos. A parametrización deste módulo (definición de tipos de usuarios e tipos de préstamos) presentou unha grande complexidade, non só polas propias características do Sistema Millennium, senón tamén pola imposibilidade de reproducir a flexibilidade de tipos de préstamo do Sistema Sabini e da normativa establecida no Regulamento da Biblioteca Universitaria. Realizouse tamén un perfil de migración dos datos de usuarios (48.896) do Sistema Sabini a Millennium. Antes da formación do persoal da Biblioteca, elaborouse e publicouse na páxina web o Manual de Procedemento de Préstamo. O retraso na adquisición do novo equipamento informático requerido para traballar nesta aplicación, postpuso a febreiro e marzo de 2004 a formación de tódolos traballadores no manexo deste módulo.

Definición e parametrización do módulo webopac (Catálogo web), dirixido pola Subdirección de Coordinación e a Sección de Servizos. Aínda que comezaron os traballos no ano 2003, a maior dedicación e deseño definitivo realizouse en 2004, unha vez adoptadas as decisións sobre os módulos de catalogación e préstamo, que inciden directamente sobre a consulta do catálogo.

No momento de redacción desta memoria está en marcha a implementación dos módulos de Seriadadas e Adquisicións, e xa está en funcionamento o módulo de préstamo e o acceso ó catálogo en web de Millennium.

A Dirección da Biblioteca Universitaria quere resaltar nesta Memoria o traballo desenvolvido polos integrantes de tódolos Grupos de traballo, tanto na parametrización e avaliación como na formación dos restantes traballadores da Biblioteca, e fundamentalmente a dedicación e calidade do traballo realizado polas Xefas de Sección de Proceso Técnico e Servizos. Así mesmo quere deixar constancia da importante colaboración prestada polo Consorcio BUGalicia.

AVALIACIÓN DA BUSC

No marco do II Plano de Calidade das Universidades e baixo o impulso do Vicerreitorado de Calidade e Planificación Estratéxica e a Xerencia da Universidade iniciábase en xuño de 2003 a avaliación da Biblioteca Universitaria como primeiro dos Servizos a avaliar dentro das unidades de administración e servizos da USC.

No mes de maio de 2003 o Sr. Reitor da Universidade, a proposta do Sr. Vicerreitor de Calidade e Planificación Estratéxica, nomeaba ó Comité Interno de Avaliación composto polas seguintes persoas:

- D. Miguel Anxo Bastos Boubeta, Presidente da Comisión da BUSC, en representación do Sr. Vicerreitor de Investigación e Innovación.
- Dna. Pilar González Nóvoa, Subdirectora Técnica da BUSC, en representación da Dirección da BUSC

- Dna. Julia Cantalapiedra Álvarez, Directora da Biblioteca Intercentros, Campus de Lugo
- Dna. Celia Couce Cachaza, Xefa da Sección de Servizos da BUSC
- Dna. Teresa López Lajos, Directora da Biblioteca da Facultade de Física e E.U. Óptica
- Dna. Cristina Cabada Giadás, Axudante de Biblioteca, Campus de Santiago
- D. César Nóvoa Gil, Auxiliar Técnico de Biblioteca, Campus de Santiago
- Dna. Mercedes Brea López, Decana da Facultade de Filoloxía, Campus de Santiago
- Dna. M^a Celia Besteiro Rodríguez, Profesora Titular, Campus de Lugo
- D. Herminio Barreiro Rodríguez, Profesor Titular, Campus de Santiago
- Dna. Ana López Fontal, Alumna 1^o e 2^o Ciclo, Campus de Santiago
- D. José Vicente Pérez Millán, Alumno de 1^o e 2^o Ciclo, Campus de Santiago
- D. Juan Carlos Rodríguez García, Alumno 3^o Ciclo, Campus de Lugo

Despois da difusión da publicidade, inserción na páxina web institucional, distribución dos carteis por tódolos centros e servizos da USC e envío de correos-e, coa información sobre o inicio e a finalidade do proceso, o 13 de xuño convocouse pola Xerencia e o Vicerreitorado unha Xornada de Calidade nas Bibliotecas, dirixida ó persoal das mesmas e ó persoal docente e investigador.

Procedeuse despois ó envío das enquisas de ámbito interno, a todo o persoal da BUSC, ós docentes e investigadores da USC, e ós alumnos xunto coa explicación do proceso e a solicitude de cumplimentación das enquisas. Entre os meses de xuño de 2003 e febreiro de 2004 o Comité interno elaborou o informe de autoavaliación que se fixo público á comunidade universitaria para a presentación de alegacións. Unha vez rematado o prazo de presentación de suxestións, o Comité de Autoavaliación procedeu a analizalas e elaborar o informe definitivo introducindo no mesmo as modificacións que considerou oportunas. No momento da redacción desta Memoria, o proceso de autoavaliación ten rematado no prazo previsto e os seus resultados figuran xa na páxina web do Vicerreitorado de Calidade e Planificación Estratéxica.

A fase de avaliación externa está previsto que teña lugar nos meses de maio e xuño de 2004.

A Biblioteca considera que a avaliación é unha actuación moi importante cara á detección das súas debilidades e fortalezas e, como consecuencia, cara á redacción do seu plan estratéxico a curto, medio e longo prazo. Precisamente, unha das carencias da BUSC durante estes anos ven sendo a súa actuación puntual e case sempre baixo a presión da demanda, respondendo xeralmente a obxectivos non fixados previamente. Isto é un feito dos que a Dirección foi sempre consciente e que se confía en correxir unha vez coñecidos os resultados finais da avaliación.

DIXITALIZACIÓN

Nos finais de 2003 rematou a dixitalización do fondo galego dos séculos XVI-XVIII contemplada no Convenio asinado en 2002 entre a Universidade e a Fundación Cidade da Cultura.

En setembro de 2003 asinábase un novo Convenio entre ámbalas Institucións anteditas co obxecto de proceder á dixitalización das publicacións periódicas galegas dos séculos XIX e XX conservadas na Biblioteca Xeral da Universidade.

Dixitalizáronse 67 títulos de publicacións, fundamentalmente do século XIX e principios do século XX, destacando títulos como La Cítara, El Ciclón, La Cruz de Santiago, El Iris de Galicia, O Galiciano, dos que non se conservan coleccións completas practicamente en ningunha institución galega e cúa preservación e difusión foron sempre de especial interese para a BUSC.

COMISIÓN PETIC

Como xa se apuntou, no mes de xullo de 2003 creouse no seo da Comisión PETIC, Plan Estratéxico de Tecnoloxías da Información e Comunicación, o grupo de traballo Bibliotecas e Documentación, presidido polo Sr. Vicerreitor de Investigación, e composto por profesores, persoal do Instituto de Investigacións Tecnolóxicas e persoal da BUSC e do Arquivo Histórico Universitario.

Dende a óptica da BUSC a participación nesta Comisión é moi importante por constituí-las tecnoloxías da información un instrumento de optimización do tratamento da información, incrementando a eficacia e eficiencia no seu uso. A BUSC, para o seu desenvolvemento tecnolóxico, ten que ter en conta os distintos proxectos de innovación tecnolóxica da Universidade pola súa capacidade de apoio na introducción das novas tecnoloxías.

Dentro das actuacións a levar a cabo nesta liña priorízanse seis obxectivos a desenvolver no período 2004-2006:

- Implantación do novo sistema de xestión da BUSC
- Promoción e incremento dos recursos tecnolóxicos da BUSC
- Automatización progresiva do Catálogo (S.XVI-XIX)
- Elaboración de Guías e Tutoriais de axuda
- Dixitalización de coleccións bibliográficas
- Desenvolvemento dun programa xeral de formación de usuarios

PRESUPOSTO

Para a análise do presuposto da BUSC correspondente a 2003 hai que ter en conta que no ano 2002 non se aprobou o presuposto anual da USC producíndose unha prórroga automática do presuposto do ano anterior e asignándose á Biblioteca cantidades sensiblemente inferiores ás de 2001, tal e como pode verse na táboa seguinte que figuraba na Memoria de 2002:


PRESUPOSTO DA BUSC 2002 (PRÓRROGA DE 2001)			% respecto a 2001
Capítulo 2	Aplicación 220	180.303,63 €	0%
Capítulo 6	Aplicación 627: Adquisición Libros	644.885,99 €	-26%
	Aplicación 627: Adquisición Publicacións Periódicas	1.322.226,63 €	-30,15%
	Aplicación 626	53.369,87 €	-26%
Total		2.200.786,12 €	-27,05%

Na táboa correspondente a 2003 reflíctese a distribución por capítulos, e a relación porcentual respecto do ano 2002, tendo en conta sempre que aínda que se produce, en case todas as aplicacións, unha pequena suba respecto a 2002, as cantidades seguen a ser moi inferiores as de 2001.

PRESUPOSTO DA BUSC 2003			% respecto a 2002	% respecto a 2001
Capítulo 2	Aplicación 220	188.000 €	4,26%	4,26%
Capítulo 6	Aplicación 627: Adquisición Libros	690.000 €	6,99%	-20,82%
	Aplicación 627: Adquisición Publicacións Periódicas	1.500.000 €	13,44%	-20,76%
	Aplicación 626	30.700 €	-42,47%	-57,43%
Total		2.408.700 €	9,44%	-20,16%

Destaca, un ano máis, a insuficiente dotación da Aplicación 627: Adquisición de Publicacións Periódicas para facer fronte ó pago do custo anual dos títulos que conforman a colección da BUSC, xa que a renovación das subscricións para o ano 2004 ascendeu a 2.356.975,86 € (subida dun 4.04% respecto ó custo do ano anterior).

No seguinte gráfico pode verse a evolución do presuposto ordinario destinado a adquisicións bibliográficas durante os últimos anos. Tamén establece a comparación entre o presuposto destinado a publicacións periódicas e o custo real anual das subscricións. Como se sinalaba na Memoria do ano 2002, a "case" equiparación entre os dous no ano 2000 débese a que a Biblioteca Universitaria non houbo de pagar as subscricións á meirande parte das bases de datos que, dende ese ano, adquire o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.



Como en anos anteriores os créditos ordinarios incrementáronse con diversas aportacións:

Aportacións para a adquisición de materiais bibliográficos

Axudas Infraestrutura Xunta de Galicia	59.115,12 €
Axudas Ministerio Ciencia y Tecnología	15.882,83 €
Aportacións de Centros	53.826,46 €
Aportacións de Departamentos e Proxectos	142.683,05 €
Descontos en librerías	11.654,75 €
Total	283.162,21 €

Aportacións en equipamento e mantemento

Aportacións de Centros	15.758,91 €
Ingresos por servizos	234.049,64 €
Total	249.808,55 €

No apartado estatístico incluído ó final desta memoria pódense ver pormenorizadamente estas aportacións por centros.

Coma tódolos anos, os centros e departamentos fixeron aportacións para adquisicións bibliográficas, sendo as máis salientables, esta orde: Filoloxía (33.033,00 € a Facultade e 50.317,06 € os Departamentos), Dereito (55.221,38 € os Departamentos) e Xeografía e Historia (11.574 € os Departamentos e 7000 € a Facultade).

A cantidade total adicada a mantemento foi de 246.738,56 €, e a dedicada a equipamento de 221.806,09 €. Con respecto a estes dous apartados, hai que destacar, un ano máis, que gracias ós ingresos por servizos (P.Interbibliotecario) se puido facer fronte ós gastos habituais, e a adquisición da metade dos equipos precisos para a implantación do programa de xestión da BUSC, neste caso a biblioteca contou tamén cunha aportación do Vicerreitorado de Investigación e Innovación. Substituíronse unha grande parte dos equipos ó público (consulta e préstamo) pero non se puido abordar a substitución de tódolos equipos precisos facéndose soamente fronte á compra daqueles que resultaban imprescindibles por absoluto deterioro dos existentes ou incapacidade para soportar a nova aplicación.

Nos presupostos para a adquisición de publicación unitarias (libros), volveron a producirse remanentes nalgúns centros, aínda que só en dous deles supón máis dun 10% do presuposto, que é a proporción establecida pola Xunta de Goberno, a proposta da Comisión de Biblioteca Universitaria, para que os remanentes se incorporen ó presuposto ordinario da BUSC do vindeiro ano. Estes dous centros son:

- Química: remanente de 3.437,63 € (16,99% do presuposto para adquisición de libros)
- Escola Técnica Superior de Enxeñería: remanente de 1.231,99 € (12,53 % do presuposto)

Outros centros con remanentes significativos pero sen acadar o 10% son:

- Psicoloxía: remanente de 2.861,21 € (8,53% do presuposto)
- Filosofía: remanente de 1.549,74 € (7,56% do presuposto)

PERSOAL

No ano 2003 (Resolución da USC do 13 de maio de 2000) realizáronse as probas selectivas para ingreso na escala de facultativos de arquivos e bibliotecas da USC polo sistema de promoción interna, sendo superadas polos seguintes aspirantes:

Dna. María Isabel Casal Reyes
Dna. Carmen Bermejo Díaz de Rábago
Dn. Xosé Manuel Facal Casado

Tamén en 2003 convocouse e resolveuse o concurso de méritos para a provisión de postos de traballo da Universidade correspondentes ós grupos A, B, C e D (convocado por resolución rectoral do día 17 de xaneiro de 2003), no que saían 12 vacantes da área de Bibliotecas (11) e Arquivo (1), co seguinte resultado de adxudicación de postos canto da Biblioteca:

- Dirección Biblioteca Intercentros. Biblioteca Universitaria Concepción Arenal: Dn. Xosé Francisco Méndez García.
- Responsable da Oficina Xestión de Colección. Biblioteca Universitaria Concepción Arenal: Dna. M. Josefa Cacheiro Gallego.
- Responsable da Oficina de Servicios. Biblioteca Universitaria Concepción Arenal: Dn. Xosé Anxo Doval Rey.
- Xefe de Negociado de Catalogación e Clasificación. Biblioteca Universitaria: Dna. M. Nieves Rodríguez Díez.
- Axudante de Biblioteca. Biblioteca Universitaria: Dn. Alberto Gómez Aneiros.
- Axudante de Biblioteca. Biblioteca Universitaria Concepción Arenal (2 plazas): Dn. Ramón Luís Pazos Ferreiros e Dna. M. Lourdes Pérez González.
- Axudante de Biblioteca. Biblioteca da Facultade de Física/Escola Universitaria de Óptica: Dn. José Enrique Quintáns Míguez.
- Axudantes de Biblioteca (3 plazas). Biblioteca Intercentros de Lugo: vacantes.

A adxudicación de postos na fase de resultas quedou como segue:

- Dirección Biblioteca da Facultade de Farmacia: Dna. Montserrat Fernández Vázquez.
- Axudante de Biblioteca. Biblioteca da Facultade de Filosofía / Ciencias da Educación / Psicoloxía: Dna. Montserrat Ortega González
- Axudante de Biblioteca. Biblioteca da Facultade de Filosofía / Ciencias da Educación / Psicoloxía: Dna. M. Ángeles Valdés Blanco
- Axudante de Biblioteca. Biblioteca da Facultade de Filoloxía: vacante.

A finais de 2003 a BUSC contaba co seguinte persoal:

PERSOAL DA BUSC - ANO 2003	
Escala de Facultativos de Bibliotecas	14
Técnico de Documentación Informatizada (Lab. Gr. I)	1
Escala de Axudantes de Bibliotecas	56
Auxiliares Administrativos	7
Auxiliares Técnicos de Bibliotecas (Lab. Gr. IV)	108
Porteiros Maiores	2
Auxiliares de Servicos. Área de Conserxería (Lab. Gr. V)	4
TOTAL	192

Neste cómputo inclúese o persoal contratado a tempo parcial para ampliacións horarias da Biblioteca nos sábados e domingos, e o persoal contratado a tempo parcial para a apertura nocturna en períodos de exames.

A distribución do persoal que desenvolveu as súas tarefas na BUSC en 2003 por puntos de servico, incluíndo as xornadas parciais, é a seguinte:

BIBLIOTECA	Facultativos	Axudantes	Admin.	A.T.B	Sab/Dom/ nocturna	Conserxería	Tco. Doc.	TOTAL
BUSC	5	1					1	7
B. Xeral	2	14	5	13	4	3		41
Biología	1	1		4				6
Económicas		3		6				9
C. Arenal	1	4	1	7	3	2		18
Farmacia	1	1		4				6
Filoxía	1	4		6	1			12
Filos., CC.Ed., Píscol.	1	6		7				14
Física e Óptica		2		4				6
Xeografía e Historia		5		6	1			12
Matemáticas		2		4				6
Medicina	1	2		5				8
Química		2		6				8
Enfermería				2				2
CC. Comunicación		2		4				6
Intercentros - Lugo	1	6	1	11	7	1		27
Maxisterio		1		3				4
TOTAIS	14	56	7	92	16	6	1	192

No ano 2003 prestou servico na BUSC 1 Técnico Especialista en Informática contratado en virtude dos programas I+D da Xunta de Galicia.

Así mesmo, ó amparo do Programa Labora da Consellería de Familia da Xunta de Galicia a Biblioteca contou, ata o mes de maio, con 4 becarios que desenvolveron o seu traballo na Biblioteca Xeral no Catálogo de Autoridades de Galicia.

Como en anos anteriores, a formación continuada do persoal da BUSC centrouse, fundamentalmente, dentro do Plano de Formación da USC desenvolvido pola Xerencia. O persoal da BUSC tivo tamén ocasión de asistir ós cursos de formación, organizados en colaboración co

Consortio de Bibliotecas BuGalicia sobre as distintas bases de datos instaladas. En total, 83 persoas da plantilla da BUSC asistiron a 11 Cursos de carácter especializado.

Neste apartado de Cursos salienta tamén os recibidos polo persoal adicado á parametrización do programa de xestión da Biblioteca e os recibidos e impartidos sobre o módulo de catalogación de Innopac/Millennium.

INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

A actuación máis salientable neste apartado foi a da apertura e posta en funcionamento, no mes de xaneiro, da Biblioteca de Concepción Arenal no Campus Sur.

Como xa se indicaba na Memoria de 2002, a nova Biblioteca consta de seis andares en dúas áreas diferenciadas:

- a dirixida aos alumnos de 1º e 2º ciclo, andares -1,- 2 e -3, con 900 postos de lectura
- a dirixida á investigación e a consulta do fondo especializado, andares 1 e 2, con 78 postos de lectura (29 deles individuais e 49 cabinas para investigadores).

O andar 0, planta de acceso, actúa coma recepción da Biblioteca e elemento separador das dúas áreas.

Instaláronse na Biblioteca 9 terminais para acceso ó catálogo automatizado, fotocopiadora e ordenadores para a consulta ás bases de datos e o acceso a Internet.

Na planta 0 ubícase tamén unha Aula Informática dependente dos Servicios Informáticos da Universidade.

As coleccións da Biblioteca instaláronse en libre acceso na súa totalidade reunindo 118.000 volumes de monografías e 1.180 títulos de publicacións periódicas.

Dende o mesmo momento da súa apertura a Biblioteca tivo unha grande aceptación e os seus niveis de ocupación e uso superaron con moito as expectativas inicialmente previstas; como un dos datos máis significativos, a cifra das transaccións de préstamo de 2003 duplican ás realizadas en anos anteriores.

Realizouse tamén unha intervención na Biblioteca de Ciencias da Educación, Campus Norte, coa remodelación das instalacións co obxecto de sacar o máximo partido ás instalacións cara á colocación dos fondos e á comodidade dos usuarios.

Canto doutras actuacións soamente se puido abordar a remodelación da antiga Sala de Ficheiros da Biblioteca Xeral, na que se procedeu a aillar a maquinaria do ascensor e se habilitou unha pequena sala de reunións da que a Biblioteca carecía.

Xunto coa Dirección da Biblioteca Intercentros de Filosofía, Psicoloxía e Ciencias de Educación estudiáronse e aportáronse diversas solucións ós planos provisorios das futuras bibliotecas de Filosofía, Campus Monumental, e de Psicoloxía e Ciencias da Educación no Campus Sur.

No tocante a equipamento, o obxectivo para 2003 contemplaba a substitución dos equipos de consulta pública da Biblioteca, substitución que viña imposta pola implantación do novo programa de xestión informática da BUSC para o que se precisan ordenadores en lugar das terminais utilizadas ata este ano. A dotación presupostaria adxudicada á Aplicación 626, Mobiliario e Equipamento, non foi suficiente para a adquisición da totalidade dos equipos precisos polo que se adquiriron 88 equipos

utilizando 75.000 euros dos ingresos procedentes do Préstamo Interbibliotecario, completados con 14.000 euros aportados polo Vicerrectorado de Asuntos Económicos e o Vicerrectorado de Investigación e Innovación.

Quedou pendente para 2004 a substitución dos equipos deteriorados e obsoletos de traballo do persoal da BUSC que se procurará facer se a dotación económica o permite.

BIBLIOTECA CONCEPCIÓN ARENAL












DESENVOLVEMENTO DAS COLECCIÓNIS

No ano 2003 ingresaron na BUSC 29.215 títulos de monografías, un 4,76 % menos que en 2002.

Dos 29.215 títulos, 21.065 (6,94% menos que en 2002) adquiríronse co presuposto da BUSC ou de Departamentos, Proxectos de Investigación ou Centros (ver táboas no apartado de Presuposto). Por intercambios e doazóns ingresaron 8.150 títulos (1,34% máis que o ano anterior).


A distribución destes ingresos por bibliotecas pode verse na táboa e gráfico seguintes:

CENTRO	MONOGRAFÍAS			
	Compra	Intercambio	Doazón	TOTAL
B. Xeral	3,446	709	2,614	6,769
Bioloxía	302	67	91	460
Económicas	854	90	374	1,318
C.Arena3	2,760	218	243	3,221
Farmacia	212	20	154	386
Filoloxía	2,953	426	523	3,902
Fª, Cc. Educ. Psicol	2,173	130	250	2,553
Física Optica	439	32	62	533
Xeografía e Historia	2,274	427	414	3,115
Matemáticas	495	-	-	495
Medicina	299	39	157	495
Química	264	26	34	324
Intercentros	2,056	77	560	2,693
CC. da Información	1,929	12	134	2,075
Maxisterio - Lugo	409	3	82	494
Enfermería	170	6	38	214
Observatorio	30	-	1	31
ICE	-	1	136	137
TOTAIS	21,065	2,283	5,867	29,215



A distribución, durante 2003, das coleccións de publicacións periódicas pagadas co presuposto da BUSC, pode verse na táboa e gráfico seguintes:

CENTRO	PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS					TOTAL Abertas Pechadas
	Pechadas Títulos pechados	Abertas			Total Abertas	
		Compra	Doazón	Interc.		
B. Xeral	10,350	104	458	130	692	11,042
Bioloxía	769	134	32	128	294	1,063
Económicas	1,601	325	75	369	769	2,370
C. Arenal	2,035	728	497	99	1,324	3,359
Farmacia	1,101	218	135	53	406	1,507
Filoloxía	889	580	129	247	956	1,845
Fª, Cc. Educ. Psicol	1,027	460	129	239	828	1,855
Física Óptica	312	196	11	7	214	526
Xeografía e Historia	1,495	394	105	285	784	2,279
Matemáticas	215	268	21	46	335	550
Medicina	1,785	287	108	11	406	2,191
Química	583	143	12	9	164	747
Intercentros	808	342	145	127	614	1,422
CC. Información	294	71	234	11	316	610
Maxisterio - Lugo	118	76	43	9	128	246
Enfermería	53	20	6	-	26	79
Observatorio	-	268	21	46	335	335
ICE	238	49	51	7	107	345
TOTAIS	23,673	4,663	2,212	1,823	8,698	32,371




No referente á restauración de fondos históricos, os axustes presupostarios non permitiron abordar máis que intervencións nas seis obras seguintes:



- Breviarium monasticum...casinensis, Venetiis: in aedibus Luceantonii Iuncte, 1531
- Las Trecientas de Juan de Mena, En Anvers: Juan Steelsio, 1552
- Los Discursos de la Religio, castramentación, asiento del campo, baños y exercicios de los antiguos romanos y griegos/Guillaume du Choul. En Leon de Francia: Guillelmo Rovilio, 1579
- Dialoghi di Don Antonio Agostini in torno alle medaglie, inscrittioni et altre antichita. Roma, 1592
- Libro de Entradas y Caridades de los hermanos cofrades de Ntra.Sra.de la Aurora, 1695, Manuscrito
- Des principes de l'Architecture, de la sculpture, de la peinture/ André Felibien. Paris: Jean Baptiste Coignard, 1776



18663



18628



18628



BASE DE DATOS BIBLIOGRÁFICA

A base de datos bibliográfica da BUSC continúa incrementándose coa incorporación dos rexistros das novas adquisicións, xa sexa por compra doazón ou intercambio, e das catalogacións que se fan sobre o fondo histórico da Biblioteca Xeral, do que a meirande parte está aínda sen automatizar.

Polo que respecta ó catálogo de monografías, tivo un incremento respecto do ano 2002 de 40.045 rexistros bibliográficos e 33.952 rexistros de exemplar. Canto das publicacións periódicas, os novos rexistros bibliográficos (824 en 2003) débense, na súa meirande parte, a modificacións feitas polos editores, de títulos de revistas das coleccións que subscribe a BUSC e algunhas novas adquisicións por doazón ou intercambio, xa que dende hai uns anos non se está a producir incremento no número de subscricións.

A finais de 2003 o catálogo de revistas contaba con 33.075 rexistros correspondentes a 34.186 coleccións, incluíndo revistas en curso e pechadas. Destas coleccións, 6.810 son de fondos galegos, incluíndo as correspondentes ó Depósito Legal de Galicia que están depositadas na Biblioteca Xeral e ascenden a 2.707 coleccións pechadas.

O apartado estatístico, incluído ó final da Memoria, recolle os datos relativos a número de títulos e volumes por centro. Nas táboas seguintes se reflicte a composición actual da base de datos bibliográfica:

Catálogo Galicia

Nº DE TÍTULOS DE MONOGRAFÍAS	72.307
Nº DE VOLUMES	151.075
Nº DE ANALÍTICAS	107.682

Catálogo Xeral

Nº DE TÍTULOS DE MONOGRAFÍAS	571.342
Nº DE VOLUMES	847.144
Nº DE ANALÍTICAS	1.522


Catálogo de Publicacións Periódicas

Nº DE TÍTULOS	26.005
Nº DE COLECCIÓN S	34.364

Durante a primeira metade do ano 2003, 4 persoas contratadas dentro do marco do Programa Labora (ver apartado de Persoal) continuaron realizando os traballos de control e corrección de autoridades do Catálogo Galicia.

SERVIZOS


En 2003 continuou o funcionamento do servizo de bases de datos BUGalicia. Dado que non tódalas bases teñen unha interface web ou versión Internet, aquelas das que o soporte é o CD ROM continuaron instaladas e consultables na Rede de CD-ROMs da BUSC. As estatísticas de uso destas bases, sumados os datos proporcionados polo Consorcio e os obtidos para os CDs instalados na rede da BUSC, e tendo en conta que unhas estatísticas están baseadas en sesións e outras en consultas contra ás bases de datos, ofrecen os seguintes resultados:



A comparación destas estatísticas coas das outras dúas universidades integrantes do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia queda como segue:

Coruña	7,829	[24,70%]
Santiago	5,037	[15,89%]
Vigo	18,827	[59,40%]
Total	31.693	

ESTADÍSTICAS DE BASES DE DATOS 2003 - CONSULTAS



Coruña	104.306	[12,60%]
Santiago	488.504	[58,99%]
Vigo	235.269	[28,41%]
Total	828.079	

A través do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, vense accedendo ó longo de todo o ano 2003 a unha selección de 110 libros electrónicos do servizo SAFARI. Os datos de uso deste servizo por parte dos usuarios da Universidade de Santiago ascenden a 3.528 consultas.

En 2003 a BUSC continuou ofertando o servizo **SwetsWise**, que permite o acceso a unha base de datos de sumarios de aproximadamente 18.000 títulos de revistas, e ó texto completo das revistas ás que a BUSC ten acceso, ben sexa gratuíto por estar subscrita a versión impresa, ben por ter subscrita a edición electrónica.

As estatísticas de uso de SwetsnetWise, para o ano 2003 ofrecen os seguintes resultados: sobre un total de 2.241 títulos consultados fixéronse 28.185 accesos ós sumarios, 1.953 consultas de abstracts e 16.097 accesos ó texto completo de artigos.

SwetsWise				
Consultas	2000 xuño-dec.	2001 xan.-dec.	2002 xan.-out.	2003 xan.-dec.
Sumarios	9.179	20.736	18.960	28.185
Abstracts	985	3.478	1.602	1.953
Texto completo	5.871	16.198	17.970	16.097
TOTAL	16.035	40.412	38.532	46.235

Como xa se sinalaba en memorias de anos anteriores, SwetsWise funciona a base de convenios cos editores, polo que pode haber títulos, que a Biblioteca ten subscritos en soporte electrónico, que non se atopen nesta base de datos. Estes títulos seguiron ofertándose na Web, durante 2003 no epígrafe **Servizo de Revistas Electrónicas**, supoñendo un total de 1.926 (525 máis que en 2002). Destes títulos a 940 (76 máis que o ano anterior) accedíase a través de SwetsWise e a 986 (449 máis que en 2002) directamente cos editores ou a través doutros servizos gratuítos de acceso a revistas electrónicas. A evolución do Servizo de Revistas Electrónicas pode verse na seguinte táboa (inclúe os 435 títulos da editorial Wiley a partir de decembro):

SERVIZO DE REVISTAS ELECTRÓNICAS A TEXTO COMPLETO		
ANO	TOTAL TÍT. TEXTO COMPLETO	EN SWETSWISE
1998	234	-
1999	408	-
2000	926	474
2001	1.195	722
2002	1.401	864
2003	1.926	940

Dadas as diferentes plataformas que ofrecen as revistas a texto completo, a BUSC carece para 2003 de datos estatísticos de uso de revistas electrónicas agás os que oferta SwetsWise. No Anexo II, Táboa I, se inclúe un listado das revistas máis utilizadas accesibles a través de SwetsWise.

En 2003, e baseado en SwetsWise, continuou funcionando o **boletín electrónico de sumarios**, permitindo envía-los sumarios ó buzón de correo electrónico dos usuarios. Durante este ano había 1.142 subscricións de sumarios, a 891 títulos diferentes e por parte de 146 usuarios diferentes. No Anexo II, Táboa II, se inclúe o listado dos sumarios máis demandados polos usuarios da BUSC.

O contador da **páxina Web da BUSC**, amosa que no ano 2003 houbo un total de 424.454 visitas (50,27% máis que o ano anterior). Na táboa seguinte poden verse os primeiros países de onde proceden a maioría das visitas. O sistema de estatísticas no permite separar por anos as visitas de cada país polo que se amosan sobre o total das visitas dende que se abriu o contador da páxina.

Pais	Nº visitas
España	901.361
Portugal	4.702
Estados Unidos	3.893
México	1.899
Italia	1.399
Inglaterra	1.322
Argentina	1.213
Alemania	1.140
Brasil	1.033
Francia	976

O servizo de **préstamo a domicilio** serviu 394.736 volumes de monografías. Esta cifra supón unha baixa do 0,72% respecto de 2002. No seguinte cadro pode verse a evolución 1998-2003 por Biblioteca.

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
B.Xeral	57.638	48.615	53.467	50.478	38.943	35.427
Bioloxía	22.075	18.283	20.001	18.446	16.476	16.250
Económicas	35.893	28.641	34.155	25.686	23.754	21.207
Der., Pol., R. Lab.	32.752	31.536	16.084	22.080	22.281	29.329
Farmacía	8.869	8.238	9.965	8.999	8.820	7.958
Filoloxía	57.548	45.706	55.949	47.554	44.239	44.111
Fil., CC. Ed., Psi.	59.454	51.389	62.594	58.834	55.326	61.910
Física e Óptica	20.546	16.702	18.338	18.929	13.933	13.097
Xeografía e Hª	44.775	37.937	42.289	37.626	34.739	32.546
Matemáticas	17.063	12.315	13.612	11.681	10.837	10.154
Medicina	11.641	11.125	17.445	19.785	17.845	18.023
Química	15.384	12.710	15.879	16.944	17.262	15.271
Xornalismo	-	-	8.551	15.012	17.407	19.334
Enfermería	4.484	3.327	3.811	3.770	4.446	4.009
ICE	1.987	1.398	1.116	1.205	716	780
Intercentros Lugo	70.977	65.808	80.535	72.861	60.260	54.050
Maxisterio Lugo	6.063	5.543	7.313	7.770	10.325	11.280
	467.149	399.273	461.104	437.660	397.609	394.736

Igual que en anos anteriores, do **Servizo de Consulta en Sala** só se posúen datos sobre fondos en acceso pechado xa que o incremento da instalacións en acceso directo das coleccións non permite obter información sobre o número real de consultas en sala.

En total en 2003 se serviron 73.204 documentos, dos que 47.995 corresponden a libros, 22.198 a publicacións periódicas e 2.011 a outros tipos de material.

Tódalas bibliotecas prestan diversos **servizos de información bibliográfica**, aínda que a maioría non están en disposición de levar un control estatístico dos mesmos. Os datos das que sí contabilizaron este servizo durante 2003 son os seguintes:

- Biblioteca Intercentros de Filosofía, Ciencias da Educación e Psicoloxía: 1.945 consultas demandadas e 1.930 resoltas
- Biblioteca de Química: 396 consultas demandadas e 384 resoltas.
- Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo: 2.203 consultas demandas e 2.109 resoltas
- Biblioteca de Xornalismo: 52 consultas demandadas e 49 resoltas
- Biblioteca de Maxisterio: 15 consultas demandadas e resoltas
- Biblioteca do ICE: 176 consultas demandadas e 156 resoltas
- Biblioteca de Xeografía e Historia: 211 consultas demandadas e 190 resoltas.

Canto da **formación de usuarios**, leváronse a cabo as sesións habituais de presentación dirixidas ós alumnos.

Canto do **servizo de Préstamo Interbibliotecario**, ó longo do ano realizáronse 18.190 transaccións de solicitudes de documentos, o que supón unha diminución do 3.46% respecto de 2002. A demanda de documentos das coleccións da BUSC por outras Bibliotecas, fundamentalmente Bibliotecas Rebiun, diminuíu nun 8.39% : 9.706 documentos. O número de solicitudes feitas por usuarios da BUSC a outras Bibliotecas presenta, sen embargo, un pequeno aumento: 8.274 documentos (2.53% máis que no ano 2002).

Nos seguintes cadros poden verse os datos estatísticos do ano 2003:

Documentos obtidos de centros externos			
	copias	préstamos	TOTAIS
Solicitudes recibidas	7.770	714	8.484
Solicitudes non cursadas ou canceladas	617	38	655
Documentos solicitados	7.595	690	8.285
Documentos obtidos	6.705	634	7.339
Documentos non obtidos	337	37	374
Solicitudes en trámite	111	5	116

As solicitudes non cursadas ou canceladas non foron tramitadas por non encontrarse os documentos en España e non desexar os usuarios que se demandasen ó estranxeiro, ou ben foron tramitadas e posteriormente canceladas por se-los datos de referencia erróneos ou incompletos.

Documentos servidos a centros externos			
	copias	préstamos	TOTAIS
Documentos solicitados	7.847	1.859	9.706
Documentos subministrados	6.958	1.610	8.568
Documentos non subministrados	877	249	1.126
Solicitudes canceladas	6	0	6
Solicitudes en trámite	6	0	6

Os documentos non subministrados corresponden a números de revistas que faltan nas coleccións da BUSC no caso das copias, e fondos excluídos de préstamo no caso das solicitudes de préstamo.

En relación á ubicación das coleccións con maior demanda (tanto de centros externos coma dos usuarios propios da USC), un ano máis os centros con maior demanda son as Bibliotecas de Medicina e Farmacia.

Documentos subministrados por Bibliotecas da USC				
	Centros externos	Usuarios da USC	Universidade de Vigo	Totais
B. Xeral	802		116	918
Bioloxía	545	578	48	1.171
CC. Económicas	393	109	17	519
Dereito, Políticas, Rel. Laborais	545	43	9	597
Farmacia	960	377	112	1.449
Filoloxía	922	102	18	1.042
Filosofía, CC. Educación, Psicoloxía	804	-	21	825
Física e Óptica	291	59	21	371
Xeografía e Historia	339	45	31	415
Matemáticas	422	23	23	468
Medicina	1.182	536	87	1.805
Química	986	676	99	1.761
Xornalismo	42	9	-	51
B. Intercentros Lugo	323	334	42	699
Maxisterio	12	132	-	144
TOTAIS	8.568	3.023	644	12.235

A procedencia das solicitudes dos usuarios da USC pode verse no gráfico seguinte:

Documentos solicitados por usuarios da USC	
B. Xeral	428
Bioloxía	199
CC. Económicas	127
Dereito, Políticas, Rel. Laborais	84
Farmacía	499
Filoxía	320
Filosofía, CC. Educación, Psicoloxía	628
Física e Óptica	217
Xeografía e Historia	210
Matemáticas	69
Medicina	2.861
Química	290
Xornalismo	32
B. Intercentros Lugo	854
Maxisterio - Lugo	30
Institutos de investigación	170
TOTAIS USC	7.018

Estas solicitudes, seguindo a tendencia de anos anteriores, mostran unha grande dispersión de títulos. Soamente 34 títulos tiveron máis de 15 demandas de usuarios diferentes.

REDES E COOPERACIÓN

A colaboración co Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, BuGalicia foi especialmente significativa durante 2003. As reunións dos responsables técnicos das tres Bibliotecas Universitarias coa Dirección Técnica do Consorcio foron frecuentes e sobre todo fructíferas no tocante ás negociacións cos grupos de editores das revistas de interese para as tres universidades.

Con vistas a diversificar os recursos do Consorcio adicados, case exclusivamente, á adquisición de bases de datos, ademais dos libros mencionados no apartado de Servizos, este realizou un estudo de solapamento dos títulos referenciados nas bases de datos adquiridas durante 2003. Baseándose neste estudo e na análise das estatísticas de uso das bases, fíxose unha proposta de cancelación de certas bases que a BUSC someteu á consideración e aprobación da Comisión da Biblioteca Universitaria. Como consecuencia levouse a cabo a cancelación das 15 bases seguintes:

- AQUALINE
- ANALYTICAL ABSTRACTS
- APID
- DOCTHESES
- EI COMPENDEX
- FSTA
- GLOBAL BOOKS
- HISTORICAL ABSTRACTS
- ISSN
- LA LEY
- LIFE SCIENCE
- MATHSCIDISC
- MYRIADE
- PERINORM
- SOIL CD

Esta cancelación permitiu adicar os recursos así aforrados, xunto cunha parte importante dos que xa viñan aportando as universidades individualmente para á adquisición das súas revistas, á adquisición, para os anos 2004 a 2006, da versión electrónica de máis de 13.000 títulos de revistas, normas e "proceedings" das seguintes editoriais: Elsevier, IEEE, Kluwer, Springer, Wiley, Nature, Science e JSTOR, estando dispoñibles as revistas de Wiley dende o 1 de decembro de 2003.

Como membro de Rebiun a Biblioteca continuou a súa cooperación nos Grupos de Traballo dos que forma parte, Grupo de Patrimonio co que colaborou na tradución e edición das *Standards for ethical conduct for rare book, manuscript and special collections libraries, with guidelines for institutional practice in support of the standards*. A carga de traballo do persoal da BUSC fixo que no mes de xuño de 2003 se solicitara a baixa no outro Grupo de Rebiun ó que a Biblioteca pertencía, o Grupo de Acceso ao Documento.

As Exposicións coas que a Biblioteca colaborou en 2003 foron as seguintes:

- Valle-Inclán e Pontevedra, Pazo de Mugártegui, Pontevedra, xaneiro e febreiro
- La Cofradía del Santo Entierro de Ferrol, Ferrol, abril
- Anxel Casal, Instituto Galego de Información, maio
- María Luisa de Orleans, una reina efímera, Museo de Belas Artes de A Coruña, novembro 2003-xaneiro 2004
- Fotografía e fotógrafos na Galicia do XIX, GAAI-Universidade de Santiago, novembro 2003-xaneiro 2004

Como tódolos anos a Biblioteca preparou a Exposición bibliográfica do Día das Letras Galegas adicado este ano a Antón Avilés de Taramancos. Maio.

No canto das obras que foron solicitadas á BUSC para reprodución e edicións facsimilares, estas foron as seguintes:

- De Villahermosa a la China / Nicómedes Pastor Díaz. Madrid, 1858, pola Editorial Toxosoutos
- Hacia el ballet Gallego / Jesús Bal y Gay, 1924, por o Consello da Cultura Galega
- Siete años de propaganda. Crónicas de Juan Hidago, Madrid, 1919, pola Institución Tello Téllez de Meneses da Diputación de Palencia.

Proporcionáronse ademais, como resposta a solicitudes concretas de usuarios, copias dixitalizadas de 34 obras da colección histórica da Biblioteca.

Canto da dixitalización dos fondos da BUSC enmarcada no Proxecto de Dixitalización e Conservación do Patrimonio Bibliográfico do Fondo Antigo da Biblioteca Universitaria de Santiago, en virtude do convenio de colaboración entre a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a USC, tal e como se indicaba na presentación, rematou a dixitalización do fondo galego dos séculos XV ó XVIII e das publicacións periódicas galegas.

Anexo I
Estatísticas 2003

Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela
Datos estadísticos do ano 2003

BIBLIOTECA	B.XERAL	BIOLOXÍA	ECONÓMICAS	C.ARENAL	C.ARENAL DEREITO	C.ARENAL POLÍTICAS
1. Presuposto						
1.1. Presuposto ordinario Biblioteca "Adquisición libros"						
1.1.1. Libros alumnos		5,121.00	9,136.00		7,214.60	4,451.00
1.1.2. Remanente 2002 libros alumnos		53.35	0.00		0.00	0.00
1.1.3. Total (1.1.1 + 1.1.2)	0.00	5,174.35	9,136.00	0.00	7,214.60	4,451.00
1.1.4. Libros investigación	128,090.07	16,506.98	29,647.00		26,657.04	20,953.20
1.1.5. Remanente 2002 libros investigación			14.69		535.32	213.80
1.1.6 Total (1.1.4 + 1.1.5)	128,090.07	16,506.98	29,661.69	0.00	27,192.36	21,167.00
Total Presuposto adquisición libros (1.1.3 + 1.1.6)	128,090.07	21,681.33	38,797.69	0.00	34,406.96	25,618.00
1.2. Presuposto facturado "Adquisición libros"						
1.2.1. Libros alumnos		6,415.65	9,170.00		9,579.62	4,450.00
1.2.2. Libros investigación	127,874.95	14,755.10	29,613.00		24,853.77	21,168.00
1.2.3. Total (1.2.1 + 1.2.2)	127,874.95	21,170.75	38,783.00	0.00	34,433.39	25,618.00
1.3. Presuposto contraído a 31/12/2003 "Adquisición libros"						
1.3.1. Libros alumnos			0.00		3,824.00	1,758.58
1.3.2. Libros investigación	10,297.87	658.89	0.00		10,719.00	1,724.62
1.3.3. Total (1.3.1 + 1.3.2)	10,297.87	658.89	0.00	0.00	14,543.00	3,483.20
1.4. Presuposto estimado en obras non recibidas						
1.4.1. Custo aproximado das obras solicitadas e non recibidas a 31/12/2003		2,409.30				
<i>Remanente ano 2003 libros alumnos</i>	<i>0.00</i>	<i>-1,241.30</i>	<i>-34.00</i>	<i>0.00</i>	<i>-2,365.02</i>	<i>1.00</i>
<i>Remanente ano 2003 libros investigación</i>	<i>215.12</i>	<i>1,751.88</i>	<i>48.69</i>	<i>0.00</i>	<i>2,338.59</i>	<i>-1.00</i>
<i>Remanente ano 2003 "Adquisición libros"</i>	<i>215.12</i>	<i>510.58</i>	<i>14.69</i>	<i>0.00</i>	<i>-26.43</i>	<i>0.00</i>
<i>Remanente ano 2003 descontado contraído</i>	<i>-10,082.75</i>	<i>-148.31</i>	<i>14.69</i>	<i>0.00</i>	<i>-14,569.43</i>	<i>-3,483.20</i>
1.5. Aportacións económicas adquisicións bibliográficas Departamentos e Proxectos						
1.5.1. Cantidade total aportada en 2003	0.00		732.00		55,221.38	
1.5.2. Facturado en adquisición monografías			172.00		40,952.59	
1.5.3. Facturado en adquisición publicacións periódicas			560.00		8,017.11	
1.5.4. Total Facturado (1.5.2 + 1.5.3)	0.00	0.00	732.00	0.00	48,969.70	0.00
1.5.5. Remanente 2003	0.00	0.00	0.00	0.00	-6,251.68	0.00
1.6. Aportacións económicas adquisicións bibliográficas Centros						
1.6.1. Cantidade total aportada en 2003	0.00		5,091.00			
1.6.2. Facturado en adquisición monografías			0.00			
1.6.3. Facturado en adquisición publicacións periódicas			5,091.00			
1.6.4. Total Facturado (1.6.2 + 1.6.3)	0.00	0.00	5,091.00	0.00	0.00	0.00
1.6.5. Remanente 2003	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00
1.7. Outros ingresos adquisicións bibliográficas (rapel, institucións...)						
1.7.1. Rappel	4,008.00	534.94	0.00		2,760.00	
1.7.2. Aportacións económicas Asociacións, Fundacións, etc.			0.00			
1.7.3. Total (1.7.1 + 1.7.2)	4,008.00	534.94	0.00	0.00	2,760.00	0.00
1.8. Subscripción de publicacións periódicas						
1.8.1. Presuposto ordinario facturado "Adquisición Publics. Periódicas"	15,349.45	142,247.97	87,568.40	95,371.75		

Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela
Datos estadísticos do ano 2003

BIBLIOTECA	C.ARENAL		INTERC.		
	RR.LL.	FARMACIA	FILOLOXÍA	F^a,C.ED.,PSI.	FILOSOFÍA
1. Presuposto					
1.1. Presuposto ordinario Biblioteca "Adquisición libros"					
1.1.1. Libros alumnos	4,576.00	5,028.00	5,506.62		954.00
1.1.2. Remanente 2002 libros alumnos	0.00				3.00
1.1.3. Total (1.1.1 + 1.1.2)	4,576.00	5,028.00	5,506.62	0.00	957.00
1.1.4. Libros investigación	5,892.00	13,682.00	39,283.00		19,126.00
1.1.5. Remanente 2002 libros investigación	42.06	18.38			413.00
1.1.6 Total (1.1.4 + 1.1.5)	5,934.06	13,700.38	39,283.00	0.00	19,539.00
Total Presuposto adquisición libros (1.1.3 + 1.1.6)	10,510.06	18,728.38	44,789.62	0.00	20,496.00
1.2. Presuposto facturado "Adquisición libros"					
1.2.1. Libros alumnos	4,573.00	5,038.09	5,506.62		892.14
1.2.2. Libros investigación	5,933.00	13,700.38	39,283.00		17,901.03
1.2.3. Total (1.2.1 + 1.2.2)	10,506.00	18,738.47	44,789.62	0.00	18,793.17
1.3. Presuposto contraído a 31/12/2003 "Adquisición libros"					
1.3.1. Libros alumnos	1,226.00	23.00	192.67		7.65
1.3.2. Libros investigación	144.00	280.00	7,669.40		145.44
1.3.3. Total (1.3.1 + 1.3.2)	1,370.00	303.00	7,862.07	0.00	153.09
1.4. Presuposto estimado en obras non recibidas					
1.4.1. Custo aproximado das obras solicitadas e non recibidas a 31/12/2003		1,564.51	64,000.00		1,650.00
<i>Remanente ano 2003 libros alumnos</i>	<i>3.00</i>	<i>-10.09</i>	<i>0.00</i>	<i>0.00</i>	<i>64.86</i>
<i>Remanente ano 2003 libros investigación</i>	<i>1.06</i>	<i>0.00</i>	<i>0.00</i>	<i>0.00</i>	<i>1,637.97</i>
<i>Remanente ano 2003 "Adquisición libros"</i>	<i>4.06</i>	<i>-10.09</i>	<i>0.00</i>	<i>0.00</i>	<i>1,702.83</i>
<i>Remanente ano 2003 descontado contraído</i>	<i>-1,365.94</i>	<i>-313.09</i>	<i>-7,862.07</i>	<i>0.00</i>	<i>1,549.74</i>
1.5. Aportacións económicas adquisicións bibliográficas Departamentos e Proxectos					
1.5.1. Cantidade total aportada en 2003		3,040.26	50,317.06		4,297.88
1.5.2. Facturado en adquisición monografías		3,040.26	47,263.66		880.00
1.5.3. Facturado en adquisición publicacións periódicas			3,053.40		3,417.88
1.5.4. Total Facturado (1.5.2 + 1.5.3)	0.00	3,040.26	50,317.06	0.00	4,297.88
1.5.5. Remanente 2003	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00
1.6. Aportacións económicas adquisicións bibliográficas Centros					
1.6.1. Cantidade total aportada en 2003			33,030.00		0.00
1.6.2. Facturado en adquisición monografías			25,320.69		0.00
1.6.3. Facturado en adquisición publicacións periódicas			334.45		0.00
1.6.4. Total Facturado (1.6.2 + 1.6.3)	0.00	0.00	25,655.14	0.00	0.00
1.6.5. Remanente 2003	0.00	0.00	-7,374.86	0.00	0.00
1.7. Outros ingresos adquisicións bibliográficas (rappel, institucións...)					
1.7.1. Rappel					0.00
1.7.2. Aportacións económicas Asociacións, Fundacións, etc.					0.00
1.7.3. Total (1.7.1 + 1.7.2)	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00
1.8. Subscrición de publicacións periódicas					
1.8.1. Presuposto ordinario facturado "Adquisición Publics. Periódicas"		274,711.58	40,740.62	128,477.60	

Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela
Datos estadísticos do ano 2003

	BIBLIOTECA	C. EDUCACIÓN	PSICOLOXÍA	FISICA	OPTICA	XEOGRAFÍA HISTORIA
1. Presuposto						
1.1. Presuposto ordinario Biblioteca "Adquisición libros"						
1.1.1. Libros alumnos	5,928.28	5,499.00	3,067.00	1,357.00	6,295.01	
